


O GALEGO CAMPA  
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



## O XOGO DAS ORQUESTRAS

**Tipo de actividade:**

Actividade de distensión.

**Idade:** De 9 a 14 anos.

**Participantes:** Actividade en grupo.

**Duración:** 1 hora.

**Materiais:**

Non se precisa ningún material específico, se acaso algún elemento que identifique o alcalde ou alcaldesa.

**Obxectivos:**

- Reforzar a cohesión grupal a través do xogo lúdico.
- Difundir o coñecemento sobre música galega.
- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.

## DESENVOLVEMENTO

Para esta actividade, convén que se fagan grupos amplos, de aproximadamente oito ou dez persoas.

Primeiro nomeamos a persoa que exerza o papel de alcalde ou alcaldesa. A clave do xogo é lograr o maior dinamismo e creatividade, polo que se recomenda que exerza este papel o monitor ou a monitora.

Decidido isto, contextualizamos a situación: cada grupo representa unha orquestra que se presenta perante o alcalde para optar a tocar nas festas da vila. O alcalde ou alcaldesa vai elixir a orquestra que mellor o faga. Para iso, cada grupo terá que elaborar un repertorio de música popular galega. Os grupos terán un tempo para decidiren cinco cancións; logo disto, non volverán falar entre si.

Ao berro do alcalde ou alcaldesa de "Que soe a orquestra!", o grupo sinalado comeza a cantar. O alcalde ou alcaldesa, en calquera momento, pode interromper a canción e mandarlle a outro grupo actuar.

A persoa que exerza de alcalde ou de alcaldesa debe variar moito as ordes: pediralles que fagan unha coreografía que acompañe a canción que cantan nese momento, que canten só cunha vogal, que o fagan á pata coxa, agarrados das mans... Os cambios entre orquestras tamén deben ser rápidos e imprevisibles. O grupo que, despois da orde do alcalde ou da alcaldesa, tarde en comezar a cantar, repita unha canción que xa saíu, non se poña de acordo na canción, non a saiba ou non poida continuar coa orde por algunha razón, será penalizado.

Gañará o grupo que teña máis repertorio consensuado de cancións en galego e que máis axilidade mostre á hora de cumprir os obxectivos marcados polo alcalde ou alcaldesa.

## OBSERVACIÓNS

Este xogo pode ser moi entretido se o facemos con axilidade e creatividade nas ordes. Cada grupo é libre de escoller as cinco cancións que máis lle gusten.

No web [www.xunta.es/linguagalega/o\\_galego\\_campa](http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa) están descargables as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.

### A CAROLINA

*A saia da Carolina  
ten un lagarto pintado;  
cando a Carolina baila,  
o lagarto dálle ó rabo.*

- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei, si señor.*
- *Dime con quen bailaches.*
- *Bailei co meu amor. (3 veces)*
- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei, si señor.*

*A Carolina é unha tola  
que todo o fai do revés,  
vístese pola cabeza  
e íspese polos pés.*

- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei no cuartel.*
- *Dime con quen bailaches.*
- *Bailei co coronel. (3 veces)*
- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei, no cuartel.*

*O señor cura non baila  
porque ten unha coroa.  
Baile, señor cura, baile,  
que Deus todo llo perdoa.*

- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei, abofé.*
- *Dime con quen bailaches.*
- *Bailei co meu Xosé. (3 veces)*
- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei, abofé.*

*No curro da Carolina  
non entra carro pechado;  
namais entra a Carolina  
co seu cocho polo rabo.*

- *Bailaches, Carolina?*
- *Bailei, si señor.*
- *Dime con quen bailaches.*
- *Bailei co meu amor. (3 veces)*

*Co teu amor, Carolina,  
non volvas a bailar,  
porque che levanta a saia  
e é moi mala de baixar. (bis)*

## POUSA, POUSA

*Fun á taberna do meu compadre,  
fun polo vento e vin polo aire;  
e, como é cousa de encantamento,  
fun polo aire e vin polo vento. (bis)*

*E pouosa, pouosa, pouosa  
e non me toques naquela cousa; (bis)  
e pouosa, pouosa axiña  
e non me toques naquela cousiña. (bis)*

*Murmuraban as miñas veciñas  
que eu andaba co crego nas viñas; (bis)  
iso é verdade, eu non o nego,  
que eu andaba nas viñas co crego.(bis)*

*E pouosa, pouosa, pouosa  
e non me toques naquela cousa; (bis)  
e pouosa, pouosa axiña  
e non me toques naquela cousiña. (bis)*

*Cando me case xa teño un galo,  
xa miña nai non me ten que dalo; (bis)  
cando me case xa teño un polo,  
xa miña nai non me ten que dar todo. (bis)*

*E pouosa, pouosa, pouosa  
e non me toques naquela cousa; (bis)  
e pouosa, pouosa axiña  
e non me toques naquela cousiña. (bis)*

## O XOGO DAS ORQUESTRAS

### O ANDAR MIUDIÑO

*Éche un andar miudiño,  
miudiño, miudiño,  
miudiño, miudiño, (bis)  
o que eu traio.*

*Eu traio unha borracheira  
de viño, que auga non bebo,  
mira, mira, Maruxiña;  
mira, mira, como veño.*

*Éche un andar miudiño...*

### CATRO VELLOs MARIÑEIROs

*Catro vellos mariñeiros, (bis)  
todos metidos nun bote.  
Boga, boga, mariñeiro,  
imos pra Viveiro,  
xa se ve San Roque. (bis)*

*Aialelo ...*

*Os mariñeiros traballan (bis)  
de noite coa luz da lúa.  
Dá gusto velos chegare  
pola mañá cedo  
cheirando a frescura. (bis)*

*Ailalelo ...*

*Vendo sardiña e bocarte,  
tamén xurelo pequeno.  
Rapaciña de Viveiro  
ven busca-lo lote  
do teu mariñeiro. (bis)*

*Aialelo ...*

